



XORNADA

Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

Gonzalo García (Santiago de Compostela, 1975)

Formación: Licenciado en Dirección e Administración de Empresas e Máster en Comercio Electrónico.

- Que fai un experto en apps sociosanitarias, como é o caso de Pictoaplicacións?

-Achegamos o noso gran de area con este proxecto solidario a persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) e outros trastornos. A eles e á súa contorna diríxense as nosas aplicacións a través de pictogramas, axudándolles a entender o mundo que os rodea, contribuíndo a incrementar os seus coñecementos e favorecendo a súa inclusión, a través do uso das novas tecnoloxías.

As novas tecnoloxías ofrecen grandes beneficios en materia de educación específica para nenos con TEA ou outros trastornos da linguaxe. Entre os seus beneficios atopamos unha estimulación multisensorial, maioritariamente en forma visual.

Gran parte dos nenos con trastorno no desenvolvemento atopan facilidade nesta área do procesamento cognitivo. Ademais, é fundamental o factor predictibilidade que hai en xogo á hora de usar ordenadores, tablets ou outros dispositivos, pois alí non hai sorpresas ou cambios no proceso. É asombrosa a facilidade de aprendizaxe para o uso deste tipo de dispositivos, posiblemente grazas á posibilidade de control que teñen os nenos sobre eles.

- Como chegaches a esta especialización?

-Grupo Promedia dedícase ao deseño e desenvolvemento de páxinas web e aplicacións. Estabamos sensibilizados por motivos persoais, dado que un membro do equipo ten un fillo diagnosticado cun Trastorno Xeral do Desenvolvemento-Autismo, e vimos a posibilidade de aplicar o noso coñecemento para desenvolver aplicacións gratuítas que fosen útiles para moita xente que o necesita.



XORNADA

Faite Profesional do Ámbito Sociosanitario

- Que oportunidades de futuro representa?

Aquí hai un nicho de mercado a explotar. As empresas tecnolóxicas e o sector sociosanitario deben traballar conxuntamente para buscar solucións que lles fagan a vida máis fácil aos usuarios e faciliten a súa inclusión. Trátase de pensar un pouco máis nas persoas. Indirectamente isto xerará negocio e oportunidades para a empresa.

- Que recomendacións lles darías a quen queira orientar o seu futuro laboral cara a esta profesión?

Nós contamos a nosa experiencia desenvolvemento aplicacións para persoas con trastornos da linguaxe, pero existen moitas outras posibilidades, tanto na contorna educativa coma na sociosanitaria. Unha boa maneira de detectar necesidades é falar con asociacións de persoas con enfermidades, discapacidades, etc, e descubrir as súas necesidades e en que poden axudarlles as TIC para facerlles a vida máis fácil aos seus usuarios. Hai moito por facer en todos estes eidos, e quizais unha das grandes dificultades é a busca de financiamento para o desenvolvemento dos proxectos.